

2022

MEMORIA ACTIVIDADES



FAGAL
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

**RÚA REPÚBLICA CHECA 52, 15707 SANTIAGO DE
COMPOSTELA**



www.fagal.org



fagal@fagal.org



981595121

ATÓPANOS TAMÉN EN :



DATOS DA FEDERACIÓN.....	3
1.1. IDENTIFICACIÓN.....	3
1.2. DATOS DE CONTACTO E REDES SOCIAIS.....	3
1.3. O ALZHEIMER E OUTRAS DEVENCIAS NEURODEGENERATIVAS.....	4
1.4. ÓRGANOS DE GOBERNO E ESTRUCTURA.....	9
1.5. A HISTORIA DA FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA.....	10
1.6. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	12
1.7. TRABALLO EN REDE.....	13
1.8. PREMIOS E RECOÑECEMENTOS.....	14
FINS ESTATUTARIOS.....	16
1.9. MISIÓN.....	16
1.10. VISIÓN.....	16
1.11. VALORES.....	16
1.12. OBECTIVOS.....	17
NÚMERO DE SOCIOS E SOCIAS.....	19
ACTIVIDADES, PERSOAS BENEFICIARIAS E RESULTADOS.....	19
1.13. FORMACIÓN DE PROFESIONAIS DO ÁMBITO SOCIO-SANTARIO.....	19
1.14. ATENCIÓN, INTERVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.....	25
1.15. FORTALECEMENTO E PRESENCIA INSTITUCIONAL.....	32
MEDIOS DA FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA.....	39
1.16. MEDIOS PERSOAIS.....	39
1.17. MEDIOS MATERIAIS.....	39
1.18. SUBVENCIÓN PÚBLICAS.....	41
1.19. AXUDAS PRIVADAS.....	43
RETRIBUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA.....	44
ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS, CENTROS E FUNCIÓNS.....	44

DATOS DA FEDERACIÓN

1.1. IDENTIFICACIÓN

- **Denominación:**

Federación Alzheimer Galicia

- **Réxime Xurídico:**

Lei de Asociacións Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo

- **Rexistro de asociacións**

Rexistro Central de Asociacións. Consellería de Xustiza, Interior e Relacións laborais (Xunta de Galicia)

- Número de Inscripción no Rexistro correspondente: 1998/000002-2ª
- Data de Inscripción: 26 de maio de 1998
- CIF: G-15656739
- Ámbito de actuación: Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Outros rexistro públicos**

- Registro Único de Entidades Prestadoras de Servicios Sociales con número E-1126.
- Rexistro de entidades de acción voluntaria con número O-364

- **Outros datos de interese:**

- Declaración de utilidade pública pola ORDE do 7 de maio de 2019

1.2. DATOS DE CONTACTO E REDES SOCIAIS

- Dirección: R/ República Checa, nº 52. Santiago de Compostela, Galicia
- Teléfonos: 981595121 – 680816039
- Páxina web: www.fagal.org
- Facebook: Federación Alzheimer Galicia
- Twitter: @FagalAlzheimer
- LinkedIn: Federación Alzheimer Galicia

-
- Instagram: fagal.alzheimer
 - Youtube: Federación Alzhéimer Galicia

1.3. O ALZ-HÉMER E OUTRAS DEMENCIAS NEURODEXENERATIVAS

O alzhéimer é unha demencia primaria, neurodexenerativa e de carácter progresiva. Descoñécese a súa orixe, pero sábese que afecta ás células cerebrais, causando a morte continuada das neuronas e, como consecuencia, a persoa afectada perde a capacidade de desenvolver as funcións que dependían desas neuronas mortas. Esta perda prodúcese gradualmente e dun xeito lento ó principio da enfermidade e por iso os primeiros síntomas poden pasar desapercibidos tanto para os familiares coma para a propia persoa afectada. Co paso do tempo a enfermidade evoluciona máis rápido e son máis evidentes os cambios que está a sufrir a persoa, que pouco a pouco vai perdendo a capacidade de coidar de si mesma.


Esta enfermidade foi descrita por vez primeira polo médico Alois Alzheimer no ano 1906. Despois de cinco anos atendendo a Auguste Deter, ingresada ós 51 anos no Hospital de Frankfurt, que presentaba un grave e progresivo cadro de deterioro cognitivo que incluía perda de memoria, desorientación tempo-espacial, paranoia, alucinacións, delirios e linguaxe incoherente. Auguste morreu en 1906 e o seu cerebro foille remitido a Alzheimer para o seu estudo, dando así lugar á primeira descrición anatomoclínica do que se pasou a coñecer, a partir da edición de 1910 do Manual de Psiquiatría de Kraepelin, como "enfermidade de Alzheimer". No seu estudo, Alzheimer mostraba a asociación entre esa descrición clínica determinada e unha serie de cambios morfolóxicos na codia cerebral. En 1911 describiu un segundo caso, en ese mesmo ano Solomon Carter Fuller publicou a primeira revisión de 13 casos da enfermidade.

A demencia é unha diminución da capacidade intelectual en comparación co seu nivel previo de función. A demencia en si prodúcese por unha morte celular é consecuente perda de conexións entre diferentes neuronas. Este dano cerebral tradúcese visiblemente nun conxunto de síntomas e signos que ocasionan un deterioro progresivo das funcións cognitivas (percepción, atención, memoria, linguaxe...).

Polo xeral, este deterioro vai acompañado de cambios psicolóxicos e do comportamento que dan lugar a unha alteración das capacidades sociais, familiares e laborais de quen a padece.

Compre sinalar a diferenza e conexión, o mesmo tempo, entre a propia enfermidade de Alzheimer, o deterioro cognitivo leve, a demencia, a discapacidade e a dependencia.

Na seguinte gráfica aparece dunha forma clara e sinxela cada un dos conceptos.



MARCADORES DE RISCO:

Os marcadores de risco son características intrínsecas da persoa que poden influír o propiciar a aparición, neste caso, na aparición do alzhéimer. Entre eles atópanse:

- Idade: o Alzhéimer aparece frecuentemente a partir dos 65 anos, aínda que de forma excepcional tamén pode darse a idades máis temperás
- Sexo: os datos referentes a prevalencia do alzhéimer en mulleres rescátanse das estatísticas referidas a causa de mortalidade, xa que a día de hoxe non se coñece rexistro de persoas con alzhéimer. Os datos rexistrados no IGE indican que durante o ano 2015 morreron en Galicia a causa do alzhéimer 536 mulleres fronte a 222 homes.
- Síndrome de Down.

FACTORES DE RISCO

Son factores que se poden modificar ou previr como poden ser:

- Hipertensión.
- Drogas.
- Alcohol.
- Mala alimentación.

DEMENCIA E DISCAPACIDADE

Actualmente a demencia é vista dende un enfoque médico e é tratada coma unha enfermidade. Sen embargo, este punto de vista provoca unha limitación de dereitos e atención social importante no día a día das persoas que a sofren.

Fai uns anos, a Organización Mundial da Saúde (OMS) chamou a atención sobre o feito de que a enfermidade de Alzheimer tiña que considerarse como unha discapacidade.

Si ben é certo que o alzhéimer é unha enfermidade dexenerativa das células cerebrais de carácter progresivo e inevitable tamén provoca unha perda progresiva de capacidades, e por tanto, unha discapacidade adquirida que progresa gradualmente.

A demencia é a primeira causa de discapacidade en maiores 64 e ademais, como se amosa no gráfico 13. Ademais, as persoas maiores de 64 anos cunha discapacidade asociada a unha demencia que teñen un grao de discapacidade superior ao 74% son case as tres cuartas partes da poboación con discapacidade.

DEMENCIA E DEPENDENCIA

Segundo a OMS (Organización Mundial da Saúde), a dependencia é o estado de carácter permanente na que se atopan as persoas que, por razón da enfermidade, necesitan a atención doutra persoa para a realización de actividades da vida diaria e/ou axudas técnicas importantes que faciliten a súa continuidade durante o maior tempo posible na súa entorna.

Esta mesma definición poderíamos trasladala á demencia, xa que unha persoa con demencia necesita dos cuidados doutra, sobre todo nas fases máis avanzadas da enfermidade, para case calquera actividade da vida diaria.

Cando falamos de actividades da vida diaria referímonos ao conxunto de tarefas ou conductas que unha persoa realiza de forma diaria que lle permiten vivir de forma autónoma e integrada no seu entorno, cumprindo, deste xeito, o seu rol dentro da sociedade. Dentro das actividades da vida diaria pódense distinguir:

- Actividades básicas da vida diaria: son actividades orientadas cara o propio corpo, tales como ducha, baño, vestido, alimentación, mobilidade, hixiene persoal e aseo, descanso...
- Actividades instrumentais da vida diaria: son actividades orientadas cara a interacción co medio que, habitualmente, son complexas e xeralmente opcionais, xa que se poderían delegar noutros: coidado de mascotas, uso de sistemas de comunicación, manexo de temas financeiros, crear e manter un fogar, preparación da comida e limpeza, ir de compras...

Outro concepto importante son as axudas técnicas. Por axudas técnicas enténdese os produtos fabricados especificamente para facilitar ou permitir a realización de determinadas accións a persoas nunha situación determinada. Un exemplo de axudas técnicas serían: cadeira de rodas, audífonos, gafas, adaptación para o baño...

Enténdese por Terapias Non Farmacoloxicas (TNF) “Calquera intervención non química, teoricamente sustentada, focalizada e replicable, realizada sobre o paciente ou coidador e potencialmente capaz de obter un beneficio relevante”. (Olazaránetal., 2010).

Tamén coñecidas como Intervencións Psicosociais, o seu uso en demencias esténdese ante a ausencia de tratamentos farmacolóxicos eficaces. Este tipo de intervencións buscan aliviar os síntomas e mellorar a calidade de vida das persoas afectadas e das súas familias.

As investigacións demostraron que as intervencións psicosociais poden ser tan efectivas ou incluso máis nalgúns casos, como o uso de fármacos para mellorar a calidade de vida das persoas con demencia e dos seus coidadores e para o tratamento de algúns dos principais síntomas desta enfermidade.

Algunhas das terapias non farmacolóxicas utilizadas con persoas con algunha demencia son:

- Actividades da Vida Diaria
- Danza Creativa Terapéutica
- Estimulación psicomotriz
- Sensorial Snoezelen
- Intervención Asistida con Cans
- Laborterapia
- Musicoterapia
- PACID
- PRO e PAO
- Programa de Atención Integral
- Programa GRADIOR
- Psicoestimulación cognitiva
- Rehabilitación Funcional do Membro Superior
- Reminiscencia
- Risoterapia
- Roboterapia
- Terapia Orientación á Realidade

1.4. ÓRGANOS DE GOBERNO E ESTRUCTURA

Os órganos de goberno da Federación Alzheimer Galicia son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de FAGAL. Está integrada e constituída por todas as asociacións pertencentes á federación e é a encargada de establecer as liñas de traballo e prioridades da federación, así como de elixir e controlar o labor da xunta directiva que debe levalas a cabo.

A Xunta Directiva é o órgano de goberno de FAGAL con plenitude de funcións representativas, directivas e executivas.

Está composta por unha presidencia, dúas vicepresidencias, unha secretaría, unha tesourería e dous vogais.

Na actualidade, e desde xuño de 2022, a súa composición é a seguinte:

- Presidenta: M^a Isabel Gey Pérez (AGADEA)
- Vicepresidente primeiro: Francisco Pantín Castro (AFAL FERROLTERRA)
- Vicepresidenta segunda: José Amador Fernández Pérez (AFAVIVEIRO)
- Secretaria: César Bugallo Carrera (AFAFES)
- Tesoureiro: Juan Carlos Rodríguez Bernárdez (AFAGA)
- Vogal: Enrique Rojo Rojo (AFACHANTADA)
- Vogal: Marcos Rodal Souto (AFASAL)

Por outra parte, a Oficina técnica da Federación está composta por 6 persoas encargadas da coordinación e xestión dos programas e proxectos que se desenvolven na federación así como dos labores de xestión económica e documental.

Na actualidade a súa composición é a seguinte:

- Javier Hermida Porto: Traballador Social
- Lucía Ruanova Domínguez: Traballadora Social
- Tania Losada Figueroa: Educadora Social
- Mary Carmen Souto Freire: Informática
- Belén Quintáns Berbia: Administrativo

Organigrama da Federación Alzheimer Galicia



1.5. A HISTORIA DA FEDERACIÓN ALZHEÍMER GALICIA


A Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias, tamén coñecida como Federación Alzheimer Galicia ou FAGAL é unha entidade sen ánimo de lucro nada en 1998 da unión de varias asociacións de familiares de persoas con alzhéimer de Galicia.

A vida de FAGAL comezou no ano 1998, cando decidiron unirse catro asociacións de familiares de enfermos de alzhéimer existentes no momento: AGADEA, AFAGA, AFACO e AFAOR. Durante os primeiros anos de vida da federación, foron incorporándose novas asociacións doutros puntos de Galicia, chegando ó seu décimo aniversario cun total de 10 asociacións, tralas incorporacións de AFAMO, AFAL Ferrolterra, AFAMON, AFALU, AFABER, AFAPO e AFACHANTADA.

Máis adiante, entre os anos 2010 e 2011 uníronse as asociacións AFAVI e AFASAL. Por último, no ano 2019, incorporáronse dúas asociacións máis, AFAN Burela e AFAFES.

Durante estes máis de 20 anos de historia, o sector asociativo do alzhéimer en Galicia conseguiu grandes logros, que se traduciron nunha mellor atención ás persoas con alzhéimer ou outra demencia neurodexenerativa, e unha mellor formación tanto para profesionais sociosanitarios como para as persoas cuidadoras. Son 20 anos de traballo para defender, xunto coas nosas asociacións, os dereitos das persoas con alzhéimer e as súas familias.

A día de hoxe FAGAL está composta por 15 asociacións galegas de alzhéimer, que suman máis de 5.000 familias e que prestan múltiples servizos a través de máis de 300 profesionais do sector sociosanitario. Ademais é a entidade de referencia en Galicia en materia de alzhéimer e outras demencias.



1.6. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Na actualidade FAGAL desenvolve os seus propios programas baseados principalmente na divulgación, sensibilización e formación de familiares de persoas con algunha demencia neurodexenerativa. A razón de ser da Federación Alzheimer Galicia son as nosas asociacións e o nosos traballo vai encamiñado o desenvolvemento asociativo tanto da propia federación como das entidades membro que permita posicionarnos como referentes a nivel autonómico e estatal na atención do alzhéimer e doutras demencias . Por este motivo FAGAL sirve de fio conductor tanto de comunicación como de coordinación coas asociacións Federadas.

Ademais FAGAL tamén é un axente de incidencia social na relación coa sociedade en xeral e coas administracións públicas.



A Federación Alzheimer Galicia centra o seu labor en tres liñas de actuación:

1. Atención ás asociacións, dando soporte técnico e funcionando coma un fio conductor da comunicación e coordinación entre AFAs.

2. Incidencia social, acercando o alzhéimer e as necesidades das persoas con alzhéimer e as súas familias á sociedade e ás administracións públicas.

3. Xestión do coñecemento, poñendo en marcha programas formativos, grupos de investigación..., creando manuais e documentos que sirvan de guía para profesionais do ámbito das demencias.

1.7. TRABALLO EN REDE

A Federación Alzheimer Galicia forma parte activa de catro entidades relacionadas coas demencias, a discapacidade e a incidencia social na loita pola desigualdade e a exclusión social. Isto permite a FAGAL visibilizar a súa labor e levar as súas reivindicacións a diferentes foros.

- **CEAFA.** Confederación española de alzhéimer
- **EAPN - Galicia.** Rede galega contra a pobreza
- **CERMI- Galicia.** Comité de entidades representantes de persoas con discapacidade de Galicia
- **Cluster Saúde de Galicia (CSG)**
- Alzheimer Europa
- Alzheimer Ibero América
- Alzheimer´s Disease International



1.8. PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

Co fin de visibilizar a labor da Federación Alzhéimer Galicia e as asociacións membro, e seguindo coa liña de actuación da incidencia social, participamos en diferentes foros, congresos, xornadas... expoñendo os nosos traballos. Estes son os recoñecementos acadados ata o momento:

- PREMIO CONGRESO SOGALCA

Premio á mellor comunicación oral no VI Congreso da Sociedade Galega de Calidade Asistencial, pola ponencia "Red Paraguas: O éxito da participación do sector asociativo, as entidades locais e as familias de persoas con alzhéimer".

- PREMIO SANITARIA 2000

Premio na Categoría "Asociacións de Pacientes" na II Edición dos Premios á Sanidade de Galicia, outorgados pola editorial Sanitaria 2000.

- PREMIO ALBERT JOVELL

Primeiro Premio na Categoría "Formación dirixida a pacientes e/ou familiares desenvolvida por asociacións de pacientes, ONG ou fundacións do ámbito da saúde" polo Programa Red Paraguas Alzhéimer, posto en marcha xunto ca Fundación Barrié.

- PREMIO BOAS PRÁCTICAS NO TRABALLO SOCIAL

Premio de boas prácticas ó programa Rede Paraugas Alzhéimer. Otorgado en Santiago de Compostela o 24 de marzo de 2017.

- PREMIO AGADER

Terceiro Premio para o Programa Red Paraguas Alzhéimer, na VIII Edición dos Premios AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural.

- PREMIO CIUDADANOS

Premio Ciudadanos para o Programa Red Paraguas Alzheimer por facilitar formación de calidade a persoas cuidadoras e familiares de persoas con Alzheimer no rural galego na XXI Edición destes premios.

- GALISENIOR 2018

Participación nas Xornadas Técnicas Profesionais de Galisenior no XI Salón Internacional das Persoas Maiores realizado en Ourense o 9 e 10 de maio de 2018.

- PREMIO XXX CONGRESO INTERNACIONAL DE GERONTOLOGÍA Y GERIATRÍA

Premio á mellor comunicación oral otorgado pola Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría na categoría de Comunicacións Sociais ó programa "Xuntos nos Cuidados". Celebrado na Sede Afundación en Vigo o 1 e 2 de xullo do 2018.

- RECONOCIMIENTO XX CONGRESO NACIONAL DE VOLUNTARIADO

Recoñecemento pola traxectoria na acción voluntaria da Federación Alzheimer Galicia, promovendo e favorecendo o voluntariado. Otorgado en Ourense o 28 de novembro de 2018.

FINES ESTATUTARIOS

1.9. MISIÓN

A misión da Federación Alzheimer Galicia é mellorar a calidade de vida das persoas que sofren Alzheimer e outras demencias e das persoas cuidadoras. Para iso a Federación traballa en fortalecer ás Asociacións de Familiares de Persoas con Alzheimer e Outras Demencias (AFAS) galegas e colaborar para xerar cambios na sociedade a favor destas persoas e as súas familias.

1.10. VISIÓN

A Federación Alzheimer Galicia quere ser unha organización referente, forte, unida e aberta a todas as necesidades das persoas con Alzheimer e outras demencias e as persoas cuidadoras para dar unha resposta integral e próxima. Tamén quere impulsar a creación de recursos e o desenvolvemento da investigación clínica e social.

1.11. VALORES

- **Solidariedade:** Desde a Federación Alzheimer Galicia axúdase tanto a persoa usuaria como a súa familia a través de cursos de formación, información e sensibilización así como mediante o acompañamento e o voluntariado nas diferentes asociacións.
- **Compromiso social:** Desde a Federación promovemos a comprensión da enfermidade e buscamos a implicación de toda a sociedade na loita contra esta.
- **Dignidade das persoas:** A Federación Alzheimer Galicia busca a dignidade das persoas con demencia e das súas familias, evitando o estigma e a exclusión que a longo prazo lles afectan.

-
- Honestidade e excelencia: Desde a Federación Alzheimer Galicia realízase un traballo eficiente e recoñecido por outras entidades, sendo transparente ante todos os grupos de interese e ante a sociedade.
 - Traballo en rede: A federación considera fundamental crear sinerxias de traballo entre as entidades que a compoñen e con outras entidades que compartan os mesmos valores e obxectivos.

1.12 OBXECTIVOS

- Representar e ser portavoz do conxunto de Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia, nas cuestións que sexan competencia federada.
- Promover o desenvolvemento e cumprimento dos fins das asociacións integradas en FAGAL.
- Defender os dereitos e o cumprimento dos deberes das distintas asociacións federadas, sen perxuízo da lexitimación que corresponde a cada unha delas.
- Prestar a todas as asociacións federadas asesoramento e axuda nos temas vinculados ós fins da Federación.
- Promover actuacións destinadas a mellorar a situación das familias e unha mellor atención ás persoas afectadas.
- Reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio (psicológico, axuda a domicilio...) ás familias e unha atención continuada, integral e interdisciplinar para as persoas afectadas.
- Reclamar a creación de centros específicos para a atención destas persoas afectadas.

-
- Promover a realización por parte da Administración Pública dun censo de persoas afectadas de alzhéimer existentes en Galicia.
 - Desenvolver actividades de sensibilización social respecto á problemática que esta enfermidade provoca.
 - Colaborar con outras organizacións semellantes, provinciais, autonómicas, estatais ou doutro país, que participen total o parcialmente dos fins desta Federación, en aquelas cuestións que sexan de interese mutuo.

NÚMERO DE SOCIOS E SOCIAS

A rede galega de atención a persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas está conformado pola Federación Alzhéimer Galicia e polas 15 asociacións federadas.

- Nº de persoas xurídicas asociadas: 15 entidades membro

ACTIVIDADES, PERSOAS BENEFICIARIAS E RESULTADOS

1.13. FORMACIÓN DE PROFESIONAIS DO ÁMBITO SOCIOSANTARIO

Co fin de ofrecer uns mellores servizos e recursos ós profesionais das asociacións federadas, durante o ano 2022 a Federación Alzhéimer Galicia participou en diversas Xornadas e Congresos relacionadas coa intervención con persoas con demencia neurodexenerativa destinadas tanto a profesionais das asociacións federadas como ás persoas con demencia e os seus familiares.

Nestes encontros e formacións, tanto de ámbito nacional como de ámbito internacional, a Federación Alzhéimer Galicia foi ou ben entidade participante ou ben entidade organizadora, pois desde hai 20 anos, organiza unhas Xornadas Interdisciplinarias abertas a profesionais do sector sociosanitario que este ano xa puideron ser en formato presencial.

1.13.1. Formación organizada pola Federación Alzhéimer Galicia


- XX Xornadas Interdisciplinares da Federación Alzhéimer Galicia:

As Xornadas Interdisciplinares son un dos eventos máis importantes que a Federación Alzhéimer Galicia organiza cada ano co apoio das Consellerías de Sanidade e Política social da Xunta de Galicia. Estas xornadas, celebradas desde o ano 2003, reúnen a profesionais do sector sociosanitario co obxectivo de intercambiar experiencias e coñecer novos modelos de atención en

demencias, para ofrecer servicios de calidade ás persoas con demencia e ás súas familias de todo o territorio galego. Recoñecidas de interese sanitario pola Consellería de Sanidade, este ano celebráronse de forma presencial o sábado 7 de maio na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

O acto comezou co Dr. Juan Luís García Psiconeurólogo e Dr. en Psicoloxía Clínica e da saúde, quen contou a experiencia da Federación Catalá de Alzheimer. Seguidamente tivo lugar unha mesa diálago sobre a importancia da intervención especializada en demencias, na que interviñeron representantes de diversos colexios profesionais de Galicia: Educación Social, Fisioterapia, Logopedia, Psicoloxía, Terapia Ocupacional e Traballo Social. Igual que en anos anteriores, desenvolvéronse tres talleres paralelos: A reforma do Código Civil nos procesos de incapacitación, impartido por Santiago Miguel Cruces, Fiscal delegado de atención a persoas con discapacidade de Galicia. A implantación de certificados de calidade nas asociacións de alzhéimer e un taller sobre os traballos realizados nas asociacións que conforman a rede de FAGAL. Clausurou o acto o grupo interxeracional Deteriorados, liderado por Xaime Fandiño, no que se fixo fincapé na importancia das artes interxeracionais nas demencias.

As 119 persoas participantes valoraron moi positivamente esta formación, pois o 93% dos asistentes calificaron as xornadas de moi boas ou boas mentres que un 7% de regulares e so un 2% de malas.



PROGRAMA:

XX XORNADAS INTERDISCIPLINARIAS DE FAGAL

9:00h

Recepción das persoas asistentes

9:30h

Experiencia da Federación Catalana de Alzheimer (FAFAC)



JUAN LUIS GARCÍA FERNÁNDEZ

Dr. Psicología Clínica e da Saíde

10:30h

Inauguración Oficial

10:45h

Mesa de Diálogo Inaugural:
A importancia da intervención especializada en demencias.
Colexios profesionais de Galicia:



SONIA GONZÁLEZ

Colexio Profesional de Educación Social



VANESA LÓPEZ

Colexio Profesional de Fisioterapia



JAVIER BUENO

Colexio Profesional de Logopedia



PEDRO SANTAMARÍA

Colexio Profesional de Psicología



BIBIANA SALOMÉ

Colexio Profesional de Terapia Ocupacional



ISABEL REDONDO

Colexio Profesional de Traballo Social

11:45h

Descanso Café

12:15h

Obradoiros paralelos

- A reforma do Código Civil nos procesos de incapacitación
- Traballos das AFAs
- A implantación de certificados de calidade nas asociacións de alzhéimer



SANTIAGO MIGUEL CRUCES

Fiscal Delegado de atención a persoas con discapacidade de Galicia



JOSÉ E. RODRIGUEZ COELLO

Director Sede Galica AENOR

13:30h

Acto Clausura: a importancia das artes nas demencias

14:00h

Comida

-
- Encontro Alzheimer HOXE: Atención integral e especializada en demencias.

No marco da formación 2022, a Federación Alzheimer Galicia organizou o 29 de Xaneiro un Encontro no que se puxo en valor as Unidades Terapéuticas para que estas sexan recoñecidas desde a perspectiva sanitaria como un servizo de atención integral e especializada en demencias. Un recurso de gran valor no referente á prevención e o diagnóstico precoz. O obxectivo destas xornadas foi propiciar un debate sobre un tema de actualidade relacionado coas demencias e fomentar o intercambio de ideas dos diferentes profesionais que traballan cara a cara co Alzheimer. Deste modo conséguese crear unha rede de atención cohesionada e forte cun obxectivo común: mellorar a atención e a calidade de vida das persoas con demencia e as súas familias. Nesta ocasión o Encontro reuniu a profesionais da rama da psicoloxía, neuroloxía e atención primaria de todo o territorio nacional:

- Enrique Arrieta Antón: médico de atención primaria en Segovia, membro de SEMERGEN (Sociedad Española de Médicos de Atención Primaria)
- María José Moreno Carretero: Neuróloga do Hospital Universitario de Vigo (CHUVI)
- Roberto Suárez Canal: Psicólogo. Director Centro Residencial "Dolores Castañeda"- AFA VITAE. Coordinador Federación Provincial Alzheimer de Cádiz

O evento tivo un formato de coloquio con butacas no escenario, cunha rolda de preguntas finais para propiciar o diálogo entre os diferentes profesionais.

Ó acto, aberto a todo o público, asistiron un total de 73 persoas.

ENCONTRO ALZHEIMER HOXE:

ATENCIÓN INTEGRAL E ESPECIALIZADA EN DEMENCIAS

29 de xaneiro de 2022 de 10:30h - 12:30h Auditorio X.Neira
Vilas - Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia

Enrique Arrieta Antón.

Médico de atención primaria no Centro de Salud Segovia Rural. Miembro de SEMERGEN.

María José Moreno Carretero.


Neuróloga en el Complejo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI).

Roberto Suárez Canal.

Psicólogo. Director Centro Residencial "Dolores Castañeda" - AFA VITAE e Coordinador Federación Provincial Alzheimer de Cádiz.

M^a Isabel Gey Pérez

Presidenta de FAGAL



Patrocina:



Organiza:



- Formación "Atención ás demencias neurodexenerativas en persoas xordas"

Ante a demanda de formación especializada en demencias neurodexenerativas reclamada pola Federación de persoas xordas de Galicia, en marzo de 2022 iniciouse unha serie de 7 sesións en formato online, onde se abordou tanto a atención sociosanitaria como a atención legal que pode afectar tanto á propia persoa con demencia como ás persoas cuidadoras. Nestas sesións, de aproximadamente 2 horas de duración, participaron docentes profesionais da área da neuroloxía, psicoloxía, logopedia, terapia ocupacional, traballo social e dereito. Estivo destinada a 14 profesionais da Federación de persoas xordas de Galicia que interveñen na atención directa con este colectivo (traballadoras sociais, terapeutas ocupacionais, intérpretes..)



1.13.2. Formación organizada por outras entidades


- 32 Congreso Internacional da Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía:

Ao redor de 72 relatores, tanto españois como procedentes de diversos países de Europa e Latinoamérica, déronse cita no Pazo dá Cultura de Pontevedra os días 29 e 30 de abril para participar no 32 Congreso Internacional que organiza a Sociedade Galega de Xerontoloxia e Xeriatría. A traballadora social da Federación Alzheimer Galicia participou neste congreso a través de dúas comunicacións en formato oral e póster nas que se abordou o traballo das

asociacións en tempos de COVID-19 e o proxecto "Recetas para el recuerdo" que se leva a cabo en colaboración coa empresa "Pote".

A ATENCIÓN ÁS DEMENCIAS EN TEMPOS DE COVID-19

Lucía Ruanova Domínguez
Federación Alzhéimer Galicia



INTRODUCCIÓN

En marzo de 2020, todos os centros de atención ás persoas con demencia neurodexenerativa, víronse obrigados a pechar e adaptar os seus servizos ás restricións sanitarias. Co fin de minimizar síntomas nas persoas usuarias que non poden acudir ós servizos específicos, trasladouse aos domicilios das persoas usuarias os servizos de estimulación terapéutica que se estaban realizando nas instalacións de cada entidade.

MATERIAL E MÉTODOS

- Formación do equipo interdisciplinar
- Contacto con persoas con demencia e os seus familiares
- Elaboración do Plan de Atención Individualizado
- Achegamento de servizos de estimulación cognitiva e funcional nos fogares
- Achegamento de servizos a persoas cuidadoras: formación, apoio psicolóxico...
- Ampliación dos medios de comunicación con persoas cuidadoras e persoas con demencia
- Derivación a outros servizos no caso de ser necesario

ACTIVIDADE	Nº PARTICIPANTES	DURACIÓN
Número de asociacións	15	7 meses
Estimulación cognitiva no domicilio	1.630	1 hora e media
Enfermería no domicilio	57	1 hora e media
Fisioterapia e terapia ocupacional no domicilio	123	1 hora
Envellecemento activo no domicilio	642	2 horas
Apoio psicolóxico	692	1 hora
Formación a persoas cuidadoras	243	50 horas (total)
Formación a profesionais	300	60 horas (total)


RESULTADOS

CONCLUSIÓN

- Creación de novos modelos de atención utilizando novas ferramentas de intervención
- Adaptación de servizos ás necesidades de cada persoa usuaria
- Presentación á Xunta de Galicia dunha proposta de modelo de estimulación no domicilio como medida de prevención da dependencia para persoas con demencia

RECETAS PARA EL RECUERDO

Lucía Ruanova Domínguez
Federación Alzhéimer Galicia



INTRODUCCIÓN

A reminiscencia é unha das terapias máis utilizada nos centros de atención a persoas con demencia xa que está adaptada a aquelas persoas que presentan graves dificultades para lembrar eventos recentes, pero relativo bo recordo da vida pasada, especialmente da nenez e a primeira etapa da vida adulta. Céntrase nas capacidades e recordos preservados, promove a comunicación e permite á persoa conectar co seu pasado e recuperar o seu sentido de identidade persoal.

MATERIAL E MÉTODOS

- Participación de 12 usuarias con demencia.
- Colaboración das persoas cuidadoras para a remisión de fotografías e outros elementos que facilitasen as actividades de reminiscencia
- Revisión da súa historia de vida ligada á coíña
- Entrevistas e testemuñas
- Colaboración de Yayo Daporta (Estrella Michelin) quen interpretou e dou forma a estas receitas.

RESULTADOS

- ✓ Creación dun libro recetario onde se inclúen 12 receitas
- ✓ Creación de rutas gastronómicas onde participaron 8 restaurantes madrileños e 2 galegos
- ✓ Número de libros vendidos: 1.300

CONCLUSIÓN

A creación deste recetario axudou a prestar máis atención, escoitar e valorar ás mulleres maiores, pois foron as transmisoras de tradicións que enriquecen a nosa cultura "Un podo chegar a olvidar unha receita, pero nunca o que lle fixo sentir o seu sabor".

1.14. ATENCIÓN INTERVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

Durante o ano 2022 a Federación Alzhéimer Galicia desenvolveu diversos programas de atención, intervención e sensibilización na loita contra o alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas destinados tanto a familiares de persoas cunha demencia como a outras persoas interesadas.

Nesta materia, durante este ano, leváronse a cabo proxectos destinados a estudantes galegos, co fin de reforzar a solidariedade entre os membros das familias mediante o fomento das relacións interxeracionais entre os maiores e os máis novos da sociedade, así como a familiares de persoas cunha demencia co fin de mellorar os seus coñecementos á hora de ofrecer cuidados.

Do mesmo xeito, como cada ano, a Federación Alzhéimer Galicia realizou unha campaña de sensibilización co lema "... e lémbtrate do alzhéimer" unha frase que recolle a necesidade de que o urxente non reste tempo nin espazo ó importante. Nesta campaña participaron tanto persoas anónimas como persoal técnico das asociacións así como persoas con demencia usuarias dos centros de atención especializados.

- Día mundial do Alzheimer 2021

A Federación Alzheimer Galicia puxo en marcha a campaña do Día Mundial do Alzheimer baixo o lema "... e lémbtrate do Alzheimer", unha frase que recolle a necesidade de que o urxente non reste tempo nin espazo ao importante. É unha campaña que pretende sensibilizar ás administracións públicas e ás persoas en xeral de que a única forma de preservar a memoria destas persoas o maior tempo posible é lembrarse dela. Tela como prioridade sanitaria, investir, investigar e actuar. Neste ano 2022 a Federación e as 15 asociacións membro desenvolveron unha serie de actividades que se recollen a continuación e que foron encamiñadas a conmemorar o Día Mundial do Alzheimer.

**21
09**

DÍA MUNDIAL
ALZHEIMER

**... E LÉMBRATE
DO ALZHEIMER**

DEMENCIA = DISCAPACIDADE = DEPENDENCIA

Patrocina: XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE | XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE SANIDADE

Colabora: A CARRELA, UNIÓN DE SIVRES DE GALICIA, DECATHLON, FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

Organiza: FAGAL, FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA, ALZHEIMER GALICIA

- IV Andaina Solidaria polo alzhéimer: o 10 de setembro de 2022 retomamos a Andaina Solidaria como acto principal da campaña. Un encontro interxeracional no que participan familias, nenos e nenas, persoas coidadoras, traballadoras e poboación en xeral no que se comparten experiencias percorrendo o último tramo do Camiño de Santiago pasando pola Praza do Obradoiro e finalizando no parque de Bonaval, xunto a árbore da Memoria, espazo inaugurado no parque de Bonaval no ano 2016.



- Encontro gastronómico: "Recetas para el recuerdo": este evento gastronómico consistiu nunha mostra da nova cociña tradicional galega elaborada por persoas con demencia (en fase leve) acompañados de Lucía Freitas e Jaime Berros, dous cociñeiros de prestixio que plasmaron as receitas coñecidas por estas mulleres en pratos actuais que poderían ser servidos en calquera dos seus restaurantes Estrela Michelin. Esta actividade levouse a cabo o venres 30 de setembro na Praza de Abastos de Santiago de Compostela.



- Campaña de participación en redes sociais: #elebratedoalzheimer: tanto familiares, como persoas cuidadoras ou interesados puideron participar na campaña subindo unha fotografía a redes sociais cunha lámpada (de verdade, debuxada, impresa...) baixo o #elebratedoalzheimer. O noso obxectivo era traspasar fronteiras e que todas as persoas coñezan que #elebratedoalzheimer non só é unha campaña para o mes de setembro, senón que debemos lembralo todos os días do ano.



- Vídeo promocional Día Mundial Alzhéimer 2022 - '...e lémbrete do alzhéimer': Como cada ano a Federación Alzhéimer Galicia realizou un vídeo con motivo do Día Mundial do Alzhéimer co obxectivo de visibilizar e sensibilizar a poboación en xeral sobre as demencias neurodexenerativas como o alzhéimer. Cada ano esta mostra videográfica vira entorno á campaña vixente. Nesta ocasión o vídeo mostra se a poboación en xeral ten os mesmos coñecementos sobre o alzhéimer que sobre temáticas culturais diversas, incidindo en que o alzhéimer segue sendo o gran descoñecido para moitas delas.



- Accións desenvoltas a través das asociacións federadas:

Unha das áreas a traballar desde as asociacións a través da Federación Alzheimer Galicia é a intervención, atención e sensibilización tanto a persoas con demencias como aos seus familiares, estudantes e poboación en xeral.

- Actividades de intervención: entre as 15 asociacións federadas, levaronse a cabo un total de 6 programas psicoeducativos, cunha duración total de 146 horas e nos que participaron un total de 119 persoas.
- Formación a familiares: realizáronse un total de 17 cursos de formación para familiares cuidadores de persoas con demencia, nos que participaron un total de 416 persoas e que tiveron unha duración de 161,5 horas.
- Actividades de sensibilización e divulgación: realizáronse 11 xornadas de sensibilización e difusión nas que participaron 1.110 persoas e tiveron unha duración aproximada de 263,5 horas.

- Programa Rede Paraugas Alzhéimer

Este programa, desenvolto desde o 2011 na colaboración da Fundación Barrié, é o programa máis mediático e coñecido da nosa entidade. Para este ano 2022 seguiuuse o ronsel do ano anterior, poñendo en marcha a divulgación de información a estudantes de 1º e 2º de Bacharel, así como con estudantes de formación profesional da rama sociosanitaria, co fin de que coñezan a enfermidade e mellorar as relacións interxeracionais.

A través deste programa desenvolvéronse, por parte de tres asociacións, unhas xornadas de formación a estudantes de 1º e 2º de bacharel e estudantes de formación profesional da rama sociosanitaria nas que participaron un total de 405 estudantes das cidades de Monforte de Lemos, A Coruña e Ourense.



- **Cinco Palabras**


O libro ¡Hay que andar! da escritora Raquel Hermida, en colaboración coa Asociación de Escritores Solidarios Cinco Palabras, quen cada mes axuda a unha causa benéfica a través dun xogo literario solidario co que intentan facer un mundo digno para todos, axudando e difundindo as necesidades das persoas máis vulnerables. A causa do mes de xuño, proposta da prologuista Raquel Hermida, foi para a Federación Alzheimer Galicia. Así o 11 de xuño, a Asociación Cinco Palabras viaxou hasta Santiago de Compostela, para acompañar a Raquel Hermida na súa presentación do libro ¡Hay que andar! no centro Obra Social Abanca. Esta xornada contou ademais, coa presenza da presidenta da Asociación Cinco Palabras, Mar Olayo, o fundador do Instituto Ben Pensante, Daniel Álvarez Lamas, a presidenta da Asociación Executivas Galicia, Carla Reyes, o director de posgraos de Erlac e da revista Veinte, Mario López, a presidenta da Federación Alzheimer Galicia, Isabel Gey e a consultora de comunicación e márketing estratéxico Beatriz García Cebreiro.



- **Festival de la luz**

Froito da colaboración entre o Concello de Boimorto e Luz Casal naceu no ano 2012 un Festival que, por uns días, fai de Boimorto o centro de atención do panorama cultural español. Este é un escaparate cunha versión máis actual do rural e que ao mesmo tempo sirva para o encontro de varias xeracións con diferentes alternativas culturais, para garantir o futuro do medio rural e contribuír ao mantemento e ao impulso económico, mellorar a competitividade das zonas rurais, á vez que se incentiva un modelo de produción diversificado e respectuoso co medio ambiente e divulgar os proxectos produtivos do rural.

Este festival, levado a cabo entre o 26 e 28 de agosto, ten un fin solidario que este ano foi destinado á Federación Alzhéimer Galicia. Gozouse da música, a gastronomía, as demostracións, o teatro, a granxa e as experiencias, cun cartel de luxo con máis de corenta artistas.



ABONO 3 DIAS 20€
ENTRADA 1 DIA 15€
Entrada solidaria:
FAGAL
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

Festival de la Luz


26 · 27 · 28 AGOSTO 2022
BOIMORTO (A CORUÑA)

VIERNES 26
ROCK CON Ñ KUMBIA QUEERS FON ROMÁN
THE KILLER BARBIES LEMOT DESVARIADOS

SÁBADO 27
BURNING DE PEDRO DELAPORTE
LOLE MONTOYA CON JUAN CARMONA Y TINO DI GERALDO
SEXY ZEBRAS MUEVELOREINA LOS ESTANQUES
GRANDE AMORE POLOCK A BANDA DA BALBINA
MILETH BIRIBIRLOCKE NAITINAIN AMOEBÓ
SANTIAGUINOS DE BOIMORTO SEÑORA DJ

DOMINGO 28
ILEGALES MALA RODRÍGUEZ
HEREDEIROS DA CRUS BALA YOLY SAA
THE RAPANTS BMA GIRL'S GANG
OS PINEIROS ABRIL TUMBA E DALLE

MERCADO DE LA LUZ
Un lugar donde disfrutar de música,
gastronomía, experiencias y actividades
para toda la familia.

Partners: 

- Participación en medios de comunicación

A Federación Alzhéimer Galicia realizou diferentes achegas documentais tanto a xornais como a revistas e blogs cuxos temas principais eran as demencias e o envellecemento, tanto a nivel nacional como autonómico co obxectivo de poder chegar a un número maior de persoas.

Desde a Federación realizáronse diferentes achegas a diversos medios de comunicación tales como:

- Prensa escrita:
 - 21 Noticias
 - Cidade da Cultura
 - El Correo Gallego
 - Diario Siglo XXI
 - Xunta de Galicia
 - Nosotros los Mayores
 - Entremayores

- Televisión: A Revista deTVG

- Radio: Onda Cero

1.15. FORTALECEMENTO E PRESENCIA INSTITUCIONAL

Seguindo a misión da Federación Alzhéimer Galicia, esta entidade traballa para fortalecer ás Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (AFAS) Galegas, xerando cambios na sociedade a favor das persoas con alzhéimer e outras demencias e nos seus cuidadores. Co obxectivo de dar cumprimento a esta misión, a Federación Alzhéimer Galicia coopera coa Administración Pública e con aquelas entidades coas que comparte puntos en común na reclamación de políticas activas de atención e defensa das persoas.

Neste sentido, este ano 2022 a Federación Alzhéimer Galicia xunto coa Confederación Española de Alzhéimer (CEAFA) traballaron na importancia do deseño e implementación dun Manual de Prevención de Delitos. Do mesmo xeito, séguese traballando cos Departamento de Maiores e Discapacidade da Consellería encargada da área de política social, con EAPN Galicia e con CERMI Galicia.

- Reunións institucionais:

Durante o ano 2021, e co obxectivo de mellorar as políticas en materia de demencias en todos os niveis da sociedade, desenvolvéronse diferentes reunións con representantes das administracións autonómicas de Galicia (representantes da Xunta de Galicia, representantes do Parlamento de Galicia e outros grupos políticos). Nelas tratáronse temas tales como: creación dun censo de persoas con demencias de Galicia, que se asinou a finais de ano, a creación de novos servizos de estimulación terapéutica para persoas con demencia, cláusulas sociais referentes á Lei de Servizos Sociais ...

Gracias ó contacto continuado cos órganos de goberno pertinentes, renováronse os convenios e acordos de colaboración (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Política Social, Consellería de Sanidade...)

- Grupos de profesionais das asociacións federadas:

Co fin de mellorar a xestión e atención tanto das asociacións membro como da propia Federación, durante o ano 2022 mantivéronse catro grupos de profesionais:

- Grupo de psicoloxía: este grupo creouse durante o ano 2022 co fin de actualizar a documentación referente á atención e intervención con persoas con demencia e os seus cuidadores desde unha asociación de familiares de persoas con demencia en Galicia. Nas sesións levadas a cabo saíu á luz a necesidade de crear novos documentos que permitan tanto a profesionais da área, como a familiares e a persoas con demencia coñecer a enfermidade, as súas fases ou etapas e as terapias non farmacolóxicas máis adecuadas e actualizadas.
- Grupo de xerocultura: creado a finais de 2022 co obxectivo de dar voz aos profesionais de área da xerocultura, pois non contan cun colexio profesionais que lles represente. O propósito deste grupo é elaborar guías de traballo e información acerca de como debe ser a atención directa coas persoas con demencia e os seus familiares desde o punto de vista dun profesional de atención directa.

-
- Grupo de proxectos: formado polos profesionais das AFAS encargados da presentación, seguimento e xustificación dos programas de IRPF. Durante o ano 2022 realizáronse un total de 2 reunións.
 - Grupo de centros de día públicos especializados en alzhéimer: a Federación exerceu de facilitadora ás AFAs xestoras de centros de día da rede pública especializada en alzhéimer para a realización de 3 reunións co fin de debater acerca das medidas de actualización e estado de xestión dos centros.

- Comunicación interna da Federación Alzhéimer Galicia:

A fin de cumprir cos obxectivos do Plan estratéxico en materia de comunicación, durante o ano 2022 realizouse a seguinte relación de actividades propias do Plan de comunicación e consensuada coas AFAS:

- Deseño dun plan de comunicación
- Modificación e actualización da páxina web para cumprir cos obxectivos de transparencia: entidades financiadoras, proxectos desenvolvidos, organización, composición de órganos de goberno..
- Actualización da guía de recursos de comunicación
- Elaboración e desenvolvemento dunha campaña de sensibilización polo Día Mundial do Alzhéimer
- Ampliación do coñecemento en materia de márketing dixital

- Participación en campañas doutras entidades:

No ano 2022 colaborouse activa e solidariamente naquelas campañas das entidades do terceiro sector social das que a Federación Alzheimer Galicia é socia e nas que se tocaban en menor ou maior medida os seus fins, tales como as campañas da X Solidaria, CEAFA, Día da Discapacidade, Día contra a Violencia de xénero..

- XSolidaria: a Federación Alzhéimer Galicia, xunto con outras entidades sociais tivemos estado, estamos e estaremos en primeira liña, apoiando e defendendo os dereitos das persoas máis vulnerables, moitas veces posible coa colaboración de todas as persoas que marcan a X Solidaria na declaración da renda. Baixo as etiquetas #emerXenciaSOLIDARIA e

#ConTuXAvanzamos, as ONG galegas lanzamos unha campaña en redes sociais con vídeos de persoas beneficiadas por programas financiados coa X Solidaria.



- CEFA: con motivo do Día Mundial do Alzheimer, a Confederación Española de Alzheimer (CEFA) iniciou a súa campaña baixo o lema "InvestigAcción" expondo as súas reivindicacións e propostas centrándose na investigación a todos os niveis, desde unha perspectiva de investigación biomédica que, ademais de traballar por atopar resultados, busque a xeración de novos coñecementos sobre unha cuestión determinada ata unha investigación social ou sociosanitaria, baseada tamén nos principios científicos que rexen os procesos investigadores, que busca principalmente coñecer e analizar a situación na que se atopan as persoas na súa convivencia co Alzheimer para expor alternativas, solucións ou propostas que melloren as súas condicións de calidade de vida.
- Día da Discapacidade: O tecido asociativo local da discapacidade volveu a lanzar este 2022 a iniciativa 'Baixo o mesmo paraguas: Galicia pola diversidade', con motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Deste xeito, a Oficina da Federación Alzheimer Galicia

uniuse a esta causa a través das súas redes sociais coas etiquetas
#ParaugasPolaDiscapacidade #BaixoOMesmoParaugas



- Contra a violencia de xénero: adhesión da Federación Alzheimer Galicia á campaña do Concello de Santiago de Compostela en contra da Violencia de xénero “En negro contra as violencias”. Para iso, os membros da Oficina da Federación realizaron unha fotografía coas diferentes lemas da súa campaña.



- Outros grupos de traballo:

A Federación Alzheimer Galicia, como entidade do terceiro sector social, comparte con outras entidades da área, puntos en común na reclamación de políticas activas de atención e defensa das persoas. É por iso que veñen realizando diferentes grupos de traballo con:

- EAPN: a Federación Alzheimer Galicia é desde o 2019, membro da Xunta Directiva desta entidade colaborando como secretario da mesma. A tal fin, realizáronse 8 reunións de Xunta Directiva e dúas asembleas xerais. De igual forma, a Federación Alzheimer Galicia forma parte de dous grupos dentro desta entidade.
 - Grupo de comunicación: durante o ano 2022 este grupo reuniuse 3 veces nas que se trataron temas como: aporofobia, X solidaria, narrativas innovadoras...
 - Grupo de participación: durante o 2022 este grupo reuniuse 2 veces nas que se trataron temas como: inclusión de persoas en risco de pobreza.

Dado que EAPN Galicia ofrece formación en cuestións comúns a todas as entidades membro, durante o ano 2022 participamos nas seguintes formacións:

- Reforma laboral
- Convenios de traballo
- Ingreso mínimo vital

- CERMI Galicia: a Federación Alzheimer Galicia pertence á comisión de persoas con discapacidade na que durante o ano 2022 se realizaron as seguintes reunións:
 - Comités executivos: 4 reunións
 - Asembleas xerais: 2 reunións
 - Comisión de deporte e vida saudable: 2 reunións

- CEFAA (Confederación Española de Alzheimer): en 2022 realizouse dúas asembleas (unha presencial e outra online). Ademais de participar na asemblea xeral, a Federación colaborou activamente no proxecto conxunto de elaboración dun censo de persoas con demencia

en Galicia, para o cal se realizaron 2 reunións informáticas e asinouse dito convenio a finais de ano.

- Talento Solidario

Desde o ano 2018 a Federación Alzheimer Galicia forma parte do grupo de traballo Talento Solidario pertencente á Fundación Botín que ofrece as ferramentas necesarias para impulsar o fortalecementos do terceiro sector, contribuíndo a ser máis eficientes, sostibles e con maior impacto social.

Para o 2022, a Federación participou en tres accións:

- Fundraising
- Programa de transformación dixital
- Grupo Marketplace

- Clúster de Saúde de Galicia

Como socio del Clúster, a Federación Alzheimer Galicia participa de forma activa nesta entidade, unha plataforma de colaboración profesional público privada sen ánimo de lucro que engloba ás industrias e institucións relacionadas co ámbito sanitario galego en sentido amplo. Búscase construír sinerxías que permitan optimizar a súa competitividade e mellorar a vida das persoas. O principal propósito é apoiar a innovación para a co-creación de solucións que melloren o benestar das persoas. Durante ano 2022 leváronse a cabo diversas reunións tanto de traballo como Asambleas xerais. Neste sentido a Federación participou en:

- Perte de Saúde de Galicia: 3 reunións
- Obradoiro de dixitalización de Galicia: 4 reunións
- Asambleas xerais: 2 reunións
- Ries: 2 reunións



MEDIOS DA FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

1.16. MEDIOS PERSOAIS

- Persoal asalariado fixo

Nº medio	Tipo de contrato	Categoría ou cualificación profesional
3,008	Tipo xeral – Tempo completo	Xefe 2ª Administración

- Persoal asalariado non fixo

Nº medio	Tipo de contrato	Categoría ou cualificación profesional
0,125	Duración determinada – Tempo parcial	Xefe 2ª Administración
0,047	Duración determinada – Tempo parcial	Oficial 1ª administrativo
0,719	Duración determinada – Tempo parcial	Oficial 2ª administrativo

- Persoal en contrato de arrendamento de servizos

Nº medio	Características dos profesionais e natureza dos servizos prestados á entidade
1	Gabinete xurídico

- Voluntariado

Nº medio	Actividades nas que participan
7	Participación en Xunta Directiva e actos de representación

1.17. MEDIOS MATERIAIS

- Centro de traballo

A Federación Alzheimer Galicia ten, desde o ano 2013, a súa sede central na Rúa República Checa, nº52 - Centro Cadoiro, Santiago de Compostela. É un inmovible en arrendamento de 20m2 que conta con luz natural, solo técnico, acceso a internet e instalacións adaptadas a persoas con discapacidade. Ademais de contar cunha oficina totalmente equipada para as actividades a desenvolver, a Federación conta no centro cunha sala de reunións, dúas aulas de formación, unha sala de reprografía e unha sala destinada a cafetería.

Dado que as asociacións membro contan con independencia e autonomía propia, cada unha conta coa súa propia sede:

Asociación	Localización
AFABER	Calle Camelias 2, baixo. 15100 Carballo (A Coruña)
AFACO	Plaza San Diego s/n. 15003 A Coruña (A Coruña)
AFALFERROLTERRA	Calle Río Castro 43-45. 15404 Ferrol (A Coruña)
AGADEA	Calle Salgueiriños de Abaixo 15 15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
AFAFES	Calle Magdalena 38. 15270 Cee (A Coruña)
AFALU	Avenida Infanta Elena 11. 27004 Lugo (Lugo)
AFAMON	Calle Rúa Doutor Casares 35 baixo. 27400 Monforte de Lemos (Lugo)
AFACHANTADA	Calle do Parque, 9. 27500 Chantada (Lugo)
AFAVI	Avenida Cervantes s/n Claustros de San Francisco Viveiro (Lugo)
AFAN BURELA	Calle Rosalia de Castro s/n (Casa do Mar) 27880 Burela (Lugo)
AFAOR	Calle C/Chano Piñeiro, nº 2, baixo 32005 Ourense (Ourense)
AFAPO	Calle Curtidoira 3. 36003 Pontevedra (Pontevedra)
AFAGA	Avenida Martínez Garrido 21. 36202 Vigo (Pontevedra)
AFAMO	Calle María Martín 3. 36950 Moaña (Pontevedra)
AFASAL	Calle Camiño Real 20. 366136 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

- Equipamento

A Federación Alzheimer Galicia ademais de material funxible, mesas, cadeiras, puntos de luz e acceso a internet conta con:

- Material informático:
 - Seis ordenadores portátiles
 - Dúas impresoras
 - Un NAS

- Material bibliográfico:
 - Guías e manuais de atención e coidado a persoas con demencia e ás persoas cuidadoras editados pola Federación Alzheimer Galicia
 - Guías e manuais de atención e coidado a persoas con demencia e ás persoas cuidadoras editados por entidades do sector das demencias
 - Revistas de entidades do ámbito das persoas maiores e ou con dependencia ou discapacidade.

- Material de estimulación cognitiva:
 - Diseñado pola Federación Alzheimer Galicia
 - Diseñado por entidades do sector das demencias

- Test de avaliación:
 - Das capacidades cognitivas
 - Das actividades da vida diaria
 - Das capacidade funcionais
 - Do nivel de sobrecarga da persoa cuidadora

1.18. SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Descrición	Entidade concedente	Tipo Administración	Ano de concesión	Periodo de aplicación	Importe concedido
Convenio actividades	Servizo Galego Saúde	Autonómica	2022	2022	72.771,00 €
Convenio actividades	Cª Política Social	Autonómica	2022	2022	89.250,00€
Cooperación 2022	Cª Emprego	Autonómica	2022	2022-2023	1.290,66€
Cooperación 2021	Cª Emprego	Autonómica	2021	2021-2022	15.099,78€
Programas IRPF	Cª Política Social	Autonómica	2021	2022	7.773,57€
Xornadas	Deputación A Coruña	Local	2022	2022	3.544,21€
Curso Excel	F. Tripartita	Estatal	2022	2022	840,00€
TOTAL					147.099,22 €

Descrición do obxecto de cada unha delas:

- Convenio SERGAS:

- Formación continuada de profesionais das asociacións federadas
- Formación continuada de persoal das xunta directivas das asociacións federadas
- Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas de formación e coidados de persoas maiores
- Sensibilización social
- Información, orientación e asesoramento a familiares e persoas coidadoras
- Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas psicoeducativos
- Difusión relacionada coa atención e o coidado das persoas cunha demencia

- Convenio Política Social

- Atención diúrna a persoas cunha demencia neurodegenerativa a través de terapias non farmacolóxicas co fin de demorar os síntomas da enfermidade e manter as capacidades funcionais durante o maior tempo posible
- Apoio e formación a familiares de persoas cunha demencia neurodegenerativa. Convenio mantemento y actividades Política Social:

Actividades xerais

- Mantemento de instalacións e xestión da infraestrutura de FAGAL
- Mantemento dos gastos derivados das actividades de xestión de FAGAL:
 - gastos de desprazamentos para reunións de coordinación de programas; gastos de reunión
 - de xunta directiva e coa Xunta de Galicia.
 - Gasto de seguros da FAGAL.

Coordinación coas asociacións de familiares de enfermos de Alzheimer de FAGAL

- Coordinación dos diferentes programas das asociacións.
- Elaboración de programas comúns ás asociacións.
- Coordinación e derivación de usuarios entre FAGAL e asociacións.

- Elaboración de material de información e difusión.
- Elaboración de guías específicas por sectores profesionais das AFAs.

Desenvolvemento do plan de comunicación

- Aumentar impacto en TICS
- Campaña de sensibilización polo día mundial do alzheimer
- Deseño de material de divulgación.

- Programas cooperación: contratación de persoal para a realización de actividades de interese xeral e propias da Federación:

- Contratación de persoal dá área de comunicación
- Contratación de persoal dá área de administración

- Subvención IRPF:

- Programas de intervención
 - Programa de apoio e formación a cuidadores
 - Programa de atención diúrna
 - Programa de axudas técnicas
 - Programa de capacitación dixital
 - Programa de envellecemento activo
 - Programa de prevención da deterioración cognitiva
 - Programa de respiro familiar
 - Programa de atención sociosanitaria en centros de día

- Deputación A Coruña: Xornadas interdisciplinarias de FAGAL

1.19. AXUDAS PRIVADAS

Descrición	Entidade concedente	Ano de concesión	Periodo de aplicación	Importe concedido
Red Paraguas	Fundación Barrié	2022	2022	43.470,00€
DEMGAL	Alzhéimer Association	2022	2022	22.906,03€
Outros donantes	Varios	2022	2022	6.657,52€
TOTAL				73.033,55€

RETRIBUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

A Federación Alzheimer Galicia non retribúe aos membros da Xunta directiva polo exercicio das súas funcións. Só en determinados casos de asistencia a reunións, actos ou xestións que leven a cabo para a actividade da Federación compénsanse os gastos incorridos debidamente xustificadas polos membros desta, sendo isto unha compensación de gastos pero nunca a modo de retribución. Para este ano 2022, o importe foi de 1.634,71€ en concepto de compensación de gastos de asistencia ás reunións en nome e representación da Federación Alzheimer Galicia.

Por outra banda, non se dá a situación de retribuír aos membros da Xunta directiva por funcións distintas ás exercidas no seu posto no órgano.

ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS, CENTROS E FUNCIÓNS

A Federación Alzheimer Galicia agrupa a 15 entidades membro situadas nas de toda a xeografía galega. Estas dispoñen de personalidade xurídica propia e de autonomía para levar a cabo o seu plan de acción, pero actualmente desde a Federación promóvense, planifícanse e coordínanse a maior parte dos programas que se executan nas entidades membro, segundo os criterios e principios de traballo establecidos desde a coordinación autonómica.

Aínda que as entidades locais son as encargadas e responsables de desenvolver a maioría das actuacións destinadas ás persoas beneficiarias directas, traballan man a man coa Federación en todas as actividades e iniciativas que se propoñen desde a coordinación autonómica e moi especialmente no reporte de datos para a análise, seguimento, avaliación e definición de medidas de mellora para asegurar a calidade e idoneidade das actuacións.

Pódese contactar con cada entidade do seguinte modo:

Entidade	Localización	Contacto
AFABER	Calle Camelias 2, baixo. 15100 Carballo (A Coruña)	981 75 85 45 - 625 980 691 afaber@xestion.net
AFACO	Plaza San Diego s/n. 15003 A Coruña (A Coruña)	981205858 contacto@afaco.es
AFALFERROLTERRA	Calle Río Castro 43-45. 15404 Ferrol (A Coruña)	981 37 06 92 afalferrolterra@afalferrolterra.com
AGADEA	Calle Salgueiriños de Abaixo 15 15706 Santiago de Compostela (A Coruña)	981 59 57 38 agadea@agadea.org
AFAFES	Calle Magdalena 38. 15270 Cee (A Coruña)	681 396 204 - 645 401 216 info@afafes.es
AFALU	Avenida Infanta Elena 11. 27004 Lugo (Lugo)	982 210 381 - 607 843 384 afalu@afalu.org
AFAMON	Calle Rúa Doutor Casares 35 baixo. 27400 Monforte de Lemos (Lugo)	982 41 09 29 afamonforte@hotmail.com
AFACHANTADA	Calle do Parque, 9. 27500 Chantada (Lugo)	982 462330 afachantada@gmail.com
FAVI	Avenida Cervantes s/n Claustros de San Francisco Viveiro (Lugo)	616606986 alzheimerviveiro@gmail.com
AFAN BURELA	Calle Rosalia de Castro s/n (Casa do Mar) 27880 Burela (Lugo)	646 181 722 - 982 580 610 afan.burela@gmail.com
AFAOR	Calle C/Chano Piñeiro, nº 2, baixo 32005 Ourense (Ourense)	988 21 92 92 recuerda@afaor.com
FAPO	Calle Curtidoira 3. 36003 Pontevedra (Pontevedra)	986 84 21 41 / 986160442 afapontevedra@yahoo.es
AFAGA	Avenida Martínez Garrido 21. 36202 Vigo (Pontevedra)	986 22 97 97 afaga@afaga.com
AFAMO	Calle María Martín 3. 36950 Moaña (Pontevedra)	986 31 37 61 afamo_morrazo@hotmail.com
AFASAL	Calle Camiño Real 20. 366136 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	986 185 255 afasal.adm@gmail.com

GRAZAS
